

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE XUÑO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural a Fraga de Catasós, no concello de Lalín (provincia de Pontevedra).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese José Ignacio Lema Piñeiro como director da Axencia Galega da Industria Forestal.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega da Industria Forestal a Jacobo Aboal Viñas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para instrumentar a achega de Galicia ao desenvolvemento do Programa de comunicación cuántica dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe de tres millóns catrocentos nove mil noventa e oito euros (3.409.098 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida, no convenio de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a realización do Programa de comunicación cuántica dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, por importe de seis millóns douscentos dez mil novecientos catro euros (6.210.904 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Vilagarcía de Arousa para acometer a execución das obras de reforma e acondicionamento do pavillón polideportivo de Fontecarmoa, cun investimento de 1.703.874,24 € (IVE incluído).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para compensar os profesionais da avogacía designados en virtude de requirimento xudicial cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco con varios empresarios, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a subministración de equipamento TIC especializado de postos de traballo en centros da Xunta de Galicia (expediente AMT-2022-0080) por un valor estimado máximo de catro millóns cento noventa e catro mil catrocentos vinte euros (4.194.420 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco cun único adxudicatario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a subministración por prezo unitario de centros de telecomunicación para Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (expediente AMT-2022-0108) por un valor estimado máximo de sete millóns catrocentos setenta e catro mil euros (7.474.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Outeiro de Rei, para a execución das obras de construción dunha piscina pública e un centro BTT, por un importe dun millón cento un mil novecentos cincuenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (1.101.955,82 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Carballeda de Valdeorras para realización das obras de conservación da Ponte Nova de Sobradelo, Carballeda de Valdeorras (Ourense), por importe total de trescentos dezaseis mil cento cincuenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos (316.154,53 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Mos para realización das obras de rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos, por importe total de trescentos mil euros (300.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o contrato plurianual de xestión 2022-2025 da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vinte e seis equipamentos de TC (tomografía computerizada) para hospitais de diversas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, derivada do acordo marco AM 2021/102, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidad, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-NextGenerationEU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, por un

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importe total de dezaseis millóns cento vinte e un mil trescentos oitenta e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (16.121.385,57 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de trece millóns trescentos vinte e tres mil catrocentos cincuenta e nove euros con quince céntimos (13.323.459,15 €), sen IVE.

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de tres equipamentos PET-TC para hospitais do Servizo Galego de Saúde, derivada do acordo marco AM 2021/085, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidade, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-NextGenerationEU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, por un importe total de cinco millóns cincocentos corenta e nove mil douscentos setenta e sete euros con oitenta céntimos (5.549.277,80 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns cincocentos oitenta e seis mil cento oitenta euros (4.586.180,00 €), sen IVE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga para o ano 2022 do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Deputación Provincial da Coruña, para a atención de menores no centro residencial Fogar Infantil Emilio Romay na Coruña. Importe total: cento sesenta e dous mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e tres céntimos (162.952,42 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Xuventude a sinatura do convenio de colaboración que se formalice ao abeiro da Resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación Concepción Arenal (A Coruña) (código de procedemento BS213D). Importe total: cinco millóns catrocentos sesenta e tres mil cincocentos euros con sesenta e dous céntimos (5.463.500,62 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a realización de pagamentos á conta en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e a adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Orde pola que se regula o procedemento para o recoñecemento do dereito a préstamos de financiamento de capital circulante en explotacións de gando bovino garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e con subsidiación dos tipos de xuro por parte da Consellería do Medio Rural. Importe total: cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as manifestacións de interese para a realización de proxectos tractores nos territorios de Transición Xusta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL FRAGA DE CATASÓS QUE PREVÉ UN INVESTIMENTO DE 250.000 € NA PRÓXIMA DÉCADA PARA PROTEXER OS SEUS VALORES E PROMOVER UN USO PÚBLICO ORDENADO

- No documento fíxanse unha decena de obxectivos para a preservación e xestión sustentable do espazo e 21 medidas para garantir a súa consecución, entre as que destaca a creación dunha senda peonil desde Lalín
- A Fraga de Catasós é un dos 8 monumentos naturais de Galicia, esta incluído no catálogo de árbores senlleiras e nas súas 4,52 ha alberga un importante bosque mixto no cal destacan os mellores castiñeiros de Europa polo seu porte forestal
- Nos últimos anos experimentou un uso recreativo e de lecer en crecemento polo que se traballará para conseguir que se converta nun elemento de dinamización a nivel local a través do fomento do seu aproveitamento turístico sustentable

A Xunta aprobou hoxe definitivamente o Plan de conservación do monumento natural Fraga de Catasós, no concello de Lalín, un bosque mixto singular cunha superficie de 4,52 hectáreas e que alberga exemplares de castiñeiro centenarios considerados como os mellores de Europa polo seu porte forestal e factura.

Cunha vixencia indefinida, o plan ten como fin protexer esta formación boscosa a través da identificación dos valores que hai que preservar e dos posibles riscos que poidan afectalos, así como dunha serie de normas de aproveitamento do solo e dos recursos naturais e doutras relativas ao uso público e ás actividades científico-educativas que poida acoller.

No documento fíxanse unha decena de obxectivos para a preservación e xestión sustentable deste espazo e 21 medidas con que garantir a súa consecución, que contarán cun investimento por parte da Xunta de máis de 250.000 euros durante a próxima década. Grazas ás actuacións previstas mellorarase o estado da Fraga de Catasós e garantirase unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Segundo o foco principal de interese, as metas que se perseguen con este plan divídense en catro grupos: obxectivos relacionados coa conservación da formación senlleira, da biodiversidade e da paisaxe, aos cales se reservará a partida máis cuantiosa, 151.500 euros; obxectivos de usos e aproveitamentos, cun investimento de 25.000 euros; obxectivos relacionados co uso público do espazo natural, 52.000 euros, e obxectivos no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eido da investigación, educación e participación cidadá, cunha partida prevista de 22.000 euros.

En canto á protección do bosque mixto de carballo e castiñeiro e da súa biodiversidade, prevese, entre outras accións, a creación dun rexistro das árbores senlleiras existentes; a elaboración dun inventario coas principais especies de flora e fauna; a restauración das áreas que perderan a vexetación orixinal, e a monitorización do espazo para a detección temperá de especies alóxeñas —sobre todo invasoras— e a súa posterior erradicación.

Con relación ao uso público, avaliaranse as alternativas para facilitar o acceso ao espazo natural e o seu aproveitamento ordenado con medidas como a execución dunha pista peonil e accesible desde o núcleo urbano de Lalín. Ademais, tamén se prevé no plan a actualización da sinalización existente e a creación dun aparcadoiro para vehículos.

Así mesmo, para potenciar a actividade científica e divulgativa na Fraga de Catasós, identificaranse proxectos e liñas de investigación de interese, farase un estudo sobre os valores patrimoniais culturais -materiais e inmateriais- na súa contorna, e promoverase a realización de actividades de educación ambiental e de voluntariado.

Exemplares de 30 metros de altura

A Fraga de Catasós, tamén coñecida como Carballeira de Quiroga, está localizada na parroquia lalinense de Santiago de Catasós e foi declarada monumento natural no ano 2000 por albergar un importante bosque mixto con excepcionais exemplares de carballo e castiñeiro, algúns dos cales acadan os 30 metros de altura e os 5 metros de diámetro.

Ademais, esta formación boscosa está incluída tamén no Catálogo de árbores senlleiras en recoñecemento á súa singularidade en Galicia pero tamén en Europa, xa que a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) considera que alberga os exemplares de castiñeiro con mellor porte de todo o continente.

Tras a declaración da Fraga de Catasós como monumento natural, a existencia de elementos forestais senlleiros catalogados, a accesibilidade e a proximidade ao núcleo de Lalín fixeron que experimentase un uso recreativo e de lecer en crecemento que, grazas ao plan aprobado hoxe, pode constituír un recurso turístico dinamizador para a economía local a través do fomento do seu aproveitamento sustentable.

3 monumentos e 6 parques con plan propio

A Fraga de Catasós é o terceiro monumento natural dos 8 que hai en Galicia en contar cun plan de conservación propio, despois de que no ano 2015 se aprobase o da Praia das Catedrais e en 2020 o do Souto da Retorta. Deste xeito, a Xunta dá un paso máis na súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aposta por dotar os espazos protexidos galegos de instrumentos de xestión específicos que axuden a protexer os valores que os fixeron merecedores dun nivel de protección.

Neste sentido, cómpre lembrar o pulo que se lles deu nos últimos anos aos instrumentos de planificación dos 7 parques de Galicia, ata o punto de que 6 deles xa teñen aprobado o seu plan reitor de uso e xestión –Serra da Enciña da Lastra, O Invernadeiro, Monte Aloia, complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Baixa Limia-Serra do Xurés, e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia– e avánzase co obxectivo de que este mesmo ano saia adiante o das Fragas do Eume.

Ademais, a Xunta tamén traballa no plan de xestión da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba e xa ten contratados os estudos para a elaboración dos plans correspondentes aos monumentos naturais de Costa de Dexo e Serra de Pena Corneira, coa previsión de poder aprobalos o vindeiro ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JACOBO ABOAL VIÑAS COMO NOVO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL, ADSCRITA Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Jacobo Aboal Viñas como novo director da Axencia Galega da Industria Forestal, ente adscrito á Consellería do Medio Rural. Asume o cargo en substitución de José Ignacio Lema Piñeiro, que cesa a petición propia.

Nado en Segovia en 1974, Jacobo Aboal é enxeñeiro técnico forestal e enxeñeiro de montes, titulado en ambas disciplinas pola Escola Politécnica Superior de Lugo, da USC. A maior parte da súa experiencia laboral estivo vinculada á Administración Forestal, tras un breve paso pola empresa privada, como técnico forestal.

Así, ocupou cargos na Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, destacando o de subdirector xeral de Recursos Forestais. Realizou estancias internacionais de coñecemento (Universidade de New Brunswick, Canadá) e entre outros labores participou na elaboración da Lei 7/2012 de montes de Galicia, do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 e axudou a impulsar o sistema de certificación forestal nos montes xestionados pola Consellería do Medio Rural.

No ámbito académico, ten impartido diferentes cursos sobre o marco normativo forestal e relacionados con outros ámbitos da xestión forestal, todos eles na Escola Galega de Administración Pública. No apartado de publicacións, ten realizado preto dunha quincena de artigos e relatorios, tanto no eido galego como nacional e mesmo internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O AVANCE NO DESENVOLVEMENTO DO POLO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CO CESGA E AS TRES UNIVERSIDADES

- Contará con 9,6 millóns de euros para impulsar a mellora da confidencialidade e a seguridade das comunicacións, un reto compartido con Madrid, Cataluña, País Vasco, Castela e León e o CSIC
- O Polo de Tecnoloxías Cuánticas, que aspira a situar Galicia como referente neste campo en 2030, suma investimentos por valor de máis de 30 M€ coas premisas de impulsar a tecnoloxía europea e o negocio internacional
- A Xunta agarda que o Goberno central conceda fondos europeos Next Generation a esta iniciativa e así elevar a mobilización público-privada ata os 154M €

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a subscrición dos convenios entre a Axencia Galega da Innovación (Gain), o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga) e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para poñer en marcha o programa de comunicación cuántica e, deste xeito, seguir avanzando no Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia.

Cun orzamento de 9,6 millóns de euros -dos que 6,2 proceden do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e 3,4 de fondos propios-, o obxectivo é mellorar a confidencialidade e seguridade das comunicacións a través de sete liñas de traballo. En concreto, Galicia colaborará con Madrid, Cataluña, País Vasco, Castela e León e o CSIC, para "deseñar xuntos unha rede de comunicación de alta seguridade e novos sistemas e protocolos de comunicación que nun futuro crearán a internet cuántica", salientou Rueda.

Así, segundo explicou o presidente da Xunta, entre as actuacións previstas destaca "a creación dun enlace de comunicacións cuánticas por fibra óptica entre a Universidade de Vigo e o Cesga", en Santiago de Compostela, o que permitirá establecer comunicacións plenamente seguras entre ambas as dúas institucións. Tamén servirá para demostrar as posibilidades da tecnoloxía ás empresas e como banco de probas.

Por outra parte, desenvolverase unha estación óptica en Vigo para realizar comunicacións cuánticas vía satélite. Ademais, en colaboración co Polo Aeroespacial de Galicia, desenvolveranse sistemas para enlaces de comunicacións cuánticas con vehículos aéreos non tripulados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia traballa para desenvolver un Polo de Tecnoloxías Cuánticas que ten como obxectivo situar Galicia nun referente neste campo no 2030 coas premisas de impulsar a tecnoloxía europea -para garantir a soberanía tecnolóxica de Europa- e o negocio internacional que favorecerá a súa sustentabilidade económica a medio prazo. Preténdese mellorar o coñecemento, o avance da tecnoloxía e a consolidación económica apoiándose no mundo académico, nos centros de I+D+i e no tecido empresarial .

Enmarcado na nova Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, aspira a contar con 154M € de investimento público-privado, para o que será necesario contar con fondos europeos NextGeneration, tendo en conta que se trata dun dos proxectos prioritarios para Galicia que foi trasladado ao Goberno central.

Actualmente, entre outras iniciativas, o Polo de Tecnoloxías Cuánticas ten comprometidos 30 millóns de euros. Aos convenios anunciados hoxe, súmanse 15 millóns de euros do acordo da Xunta de Galicia co Cesga para o despregamento dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información que impulse a investigación e experimentación en Galicia; os programas Quantum (500.000 euros), talentQ de formación (1,5M €) e NESAQ (280.000 euros); así como os investimentos no supercomputador Finisterrae III, apoiado polo Goberno galego e o CSIC.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación aposta polas tecnoloxías cuánticas como elemento tecnolóxico disruptivo que permitirá posicionar o ecosistema galego de I+D na vangarda e acelerar o desenvolvemento económico e a recuperación. As tecnoloxías cuánticas teñen innumerables aplicacións en sectores vitais para Galicia como a medicina, o ambiente, a biotecnoloxía, a aeronáutica, a automoción, a loxística ou as telecomunicacións, entre outras. Agárdase que o seu impacto sexa maior que o logrado pola computación clásica no último século.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PAVILLÓN VILAGARCIÁN DE FONTECARMOA REFORMARASE INTEGRALMENTE GRAZAS A UN CONVENIO DE COLABORACIÓN DE MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS

O resultado será un complexo deportivo comfortable, seguro e saudable en que rexerán os principios de funcionalidade e seguridade acompañados de criterios de eficiencia enerxética, adaptación climática, racionalidade construtiva, custos moderados e fácil mantemento

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración que asinará a Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para acometer a execución das obras de reforma e acondicionamento do pavillón polideportivo de Fontecarmoa, en Vilagarcía de Arousa, cun investimento de un millón setecentos tres mil oitocentos setenta e catro euros con vinte e catro céntimos (1.703.874,24 €). Deste montante total, a Xunta de Galicia achegará a cantidade de 350.000 euros, mentres que o concello vilagarcían asumirá a contía restante (1.353.874,24 €).

As obras proxectadas nesta reforma integral segundo o convenio que terá vixencia ata a fin de 2023 consisten na reparación da estrutura, a substitución das cubertas para eliminar a actual de amianto; a reforma de toda a envolvente para mellorar as condicións térmicas incluíndo a renovación de carpintaría exterior; o acondicionamento interior do edificio con actuacións na pista, aseos e vestiarios; a reforma da instalación eléctrica; a implantación dun sistema de ventilación e climatización, así como a instalación de placas fotovoltaicas. O resultado será un complexo deportivo comfortable, seguro e saudable en que rexerán os principios de funcionalidade e seguridade acompañados de criterios de eficiencia enerxética, adaptación climática, racionalidade construtiva, custos moderados e fácil mantemento.

Cómpre salientar a importancia do pavillón polideportivo de Fontecarmoa que desde hai corenta anos acolle os partidos e adestramentos dos equipos locais, así como eventos de carácter nacional ou internacional como é o caso do Torneo EncestaRías que verán tras verán achega a Vilagarcía os mellores equipos do panorama baloncestístico europeo.

Neste exercicio 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte conta cun orzamento inicial de 32.489.463 euros que sobe lixeiramente sobre o inicial de 2021 (32.474.216 €). Deste total, a contía destinada para obras de construción e reforma de infraestrutura deportiva acada os 11,3 millóns de euros, un 24 % máis que o destinado en 2021 (9,15 millóns) e que xa ascendeu un 118 % con respecto a 2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO CO CONSELLO DA AVOGACÍA DE GALICIA PARA COMPENSAR OS CUSTOS DA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA POR REQUIRIMENTO XUDICIAL

O acordo pretende dar cobertura económica ás asistencias letradas realizadas por avogados en Galicia, nomeados por requirimento xudicial, cando os defendidos teñan denegado o dereito de asistencia xurídica gratuíta por non achegaren a documentación requirida e ou sempre que carezan de recursos económicos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para compensar economicamente os letrados designados en virtude de requirimento xudicial cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia gratuíta.

O acordo parte da premisa de que o ordenamento xurídico vixente recolle un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídica. Ademais, a Comunidade Autónoma de Galicia ten transferidas as funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración da xustiza, incluíndo as relativas ás indemnizacións das actuacións correspondentes aos avogados da quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia.

O obxecto do convenio é a cobertura económica ás asistencias letradas realizadas por avogados en Galicia por requirimento xudicial nun procedemento penal cando os defendidos, sexan persoas físicas ou xurídicas, reúnan certos requisitos, como ter denegado o dereito de asistencia xurídica gratuíta por diferentes causas, desde defectos de forma na solicitude ata carecer de recursos ou de patrimonio para facer fronte aos custos.

O convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022, e o gasto previsto ascende a un máximo de 200.000 euros que a Xunta aboará ao Consello da Avogacía Galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE CATRO MILLÓNS DE EUROS Á COMPRA DE EQUIPAMENTOS TECNOLÓXICOS PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO DIXITAL DA ADMINISTRACIÓN

- O Consello aproba un acordo marco que permitirá a dotación de sistemas multimedia en salas de declaración, entre elas as da Administración de xustiza
- Os novos sistemas de videoconferencia en salas de reunións facilitarán un uso autónomo dos equipamentos, sen necesidade de contar con apoio de persoal TIC especializado
- A Xunta ampliará os espazos de atención ao público con sistemas avanzados de xestión de quendas
- O persoal de campo poderá dispoñer de móbiles intelixentes de altas prestacións que dean resposta ás súas necesidades específicas
- As aulas de centros como o Superior de Hostalería, a Escola Galega de Administración Pública ou a Academia Galega de Seguridade serán dotadas con pantallas interactivas

O Consello de Goberno de Galicia aprobou hoxe a contratación mediante acordo marco da subministración de equipamentos tecnolóxicos especializados para o modelo de posto dixital avanzado de persoal de emprego público. O orzamento estimado de licitación, dividido en cinco lotes, é de 4,2 millóns de euros (sen IVE).

O obxectivo do acordo é o de completar a dotación dos postos de traballo dixital, ben para dotar espazos de uso común da Xunta de Galicia ou ben para responder ás necesidades especializadas no ámbito da mobilidade de persoal de campo.

Neste sentido, o primeiro dos lotes do acordo, cunha dotación estimada de 1,36 millóns de euros, destinarase á dotación de sistemas multimedia en salas de declaración, entre as que se atopan as das sedes principais da Administración de xustiza en Galicia. Os equipamentos facilitarán as declaracións, tanto presenciais como remotas, mediante micrófonos sen cables con altofalante incorporado, cámaras web de alta resolución, unha ou varias pantallas e o elemento concentrado de portos para a conexión de todos os periféricos e ordenador portátil.

O segundo lote, de 1,1 millóns de euros, será para a instalación de sistemas para videoconferencia en salas polivalentes. En función do tipo de sala, este contrato permitirá a dotación de diferentes elementos, que van desde sistemas de son sen cables, hardware para a sincronización de son, cámaras web e ordenadores. O obxectivo é que o equipamento proporcione autonomía á persoa usuaria, sen que necesite contar con

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apoio de persoal TIC especializado. Tamén garantirá a máxima compatibilidade coas diferentes plataformas de videoconferencia, xa sexan as corporativas (como Falemos) ou calquera outra das existentes no mercado.

O terceiro lote ten un orzamento estimado de 623.520 euros e permitirá a extensión do equipamento de xestión avanzado de quendas aos espazos de atención presencial da Xunta que actualmente aínda non dispoñen deste sistema. Os equipamentos están adaptados á solución corporativa "Quendas", que permite ás unidades de xestión regular o servizo de atención, tanto mediante sistemas de cita previa como mediante a repartición de quendas á demanda da cidadanía. Os equipamentos consisten en dispensadores de boletos de quenda, pantallas de visualización das quendas activas ou pantallas de identificación dos postos de atención.

O cuarto lote, dotado con 510 mil euros, permitirá dotar con dispositivos móbiles de altas prestacións o persoal público que realiza traballo de campo. Neste sentido, a evolución dos teléfonos intelixentes permite identificar dispositivos que dean resposta a necesidades específicas.

Por último, o quinto lote, de 612 mil euros, será para a dotación con pantallas interactivas dos servizos administrativos que contan con aulas, máis aló dos centros escolares. Entre estes espazos están o Centro Superior de Hostalería de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública ou a Academia Galega de Seguridade.

Acordos marco para o funcionamento dixital da Administración

O Plan de posto dixital avanzado, aprobado en 2021, está a dotar o persoal empregado público dos medios tecnolóxicos axeitados para adaptar o seu posto ao modelo de goberno e administración intelixentes e ás crecentes demandas de traballo non presencial. O novo modelo mellora as capacidades de xestión centralizada dos postos por parte da Administración e garantirá un mellor servizo á cidadanía. Afecta unhas 22.000 persoas que traballan para a Administración e implica a mobilización de máis de 20 millóns de euros.

A posta en marcha do plan estase a realizar a través de acordos marco como o aprobado hoxe. Tamén forman parte desta planificación outros que xa están en marcha como o destinado á dotación de equipamentos hardware de postos de traballo dixital; o de subministración e xestión dos medios de impresión de documentos en centros da Xunta; o de subministración de equipamentos de servidores ou o de solucións de virtualización de postos de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O ACORDO MARCO QUE PERMITIRÁ AO OPERADOR PÚBLICO RETEGAL CONTAR CON ATA 152 NOVAS LOCALIZACIÓNS PARA DOTAR DE TELEFONÍA MÓBIL 290 NÚCLEOS GALEGOS SEN COBERTURA

- Conta cun investimento estimado de 7,5 millóns de euros cunha vixencia de dous anos e permitirá dispoñer dun único provedor para a adquisición de novos centros de telecomunicación
- Esta medida complementa a subvención concedida ao operador Vodafone en decembro para mellorar a cobertura móbil 4G en diferentes zonas illadas de 65 concellos das catro provincias galega, unha iniciativa que puxo en marcha a Xunta en colaboración coa Fegamp
- A subvención de 3,7 millóns euros ao operador foi a primeira liña de axudas para a extensión de telefonía móbil en España aprobada pola Comisión Europea
- Ante a falta de plans do Estado, que é o organismo con competencias na materia, e a falla de interese dos operadores en prestar servizos nestas zonas illadas a Administración autonómica optou por formular esta iniciativa ante a Unión Europea
- A mellora da cobertura é unha prioridade para Galicia que só recibirá 0,5 millóns de euros dos 4.000 millóns do Plan de recuperación e resiliencia para conectividade

A actuación para dotar de cobertura móbil 290 núcleos de 65 concellos galegos avanzou hoxe un paso máis coa aprobación no Consello da Xunta dun acordo marco que permitirá a adquisición de ata 152 novas localizacións por parte do operador público Retegal. O acordo conta cun investimento estimado de 7,5 millóns de euros, ten unha vixencia de dous anos e complementa a subvención concedida ao operador Vodafone en decembro para mellorar a cobertura de 4G en zonas illadas.

Grazas a este acordo, Retegal poderá contar con ata 152 localizacións de soporte para o equipamento de telefonía móbil que porá á disposición de todos os operadores, permitindo non só a mellora da cobertura de telefonía móbil no ámbito desta medida, senón tamén o soporte a novas redes que permitan mellorar na dixitalización do rural.

A Xunta de Galicia puxo en marcha en 2019 una iniciativa para mellorar a cobertura móbil en zonas especialmente illadas asinando un convenio de colaboración coa Fegamp e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) para identificar as carencias, xa que o Estado non dispoñía dun mapa detallado de cobertura que permitise establecer as zonas con deficiencias. Dos 94 concellos que solicitaron adherirse ao convenio e cumprían os requisitos, tras as comprobacións da AETG, detectáronse deficiencias de 4G en 65 deles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O seguinte paso foi a concesión dunha liña de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ao operador Vodafone para dotar de cobertura 4G a zonas illadas deses municipios. Trátase da primeira liña de axudas para a extensión de telefonía móbil en España aprobada pola Comisión Europea.

A Administración autonómica trasladou esta iniciativa a Unión Europea hai dous anos, ante a falta de iniciativas do Estado, organismo con competencias na materia e falta de interese dos operadores en dar servizo a zonas illadas de Galicia. A pesar das actuacións levadas a cabo nos últimos anos que acadaron a cobertura móbil do 98 % da poboación, aínda existen territorios (zonas rurais illadas, espazos naturais) que carecen de cobertura 4G. En total a Administración autonómica investirá 10 millóns de euros nesta medida.

Galicia recibirá só o 0,5 % dos 4.000 millóns do Estado para conectividade

É preciso continuar a mellorar a cobertura e tecnoloxía das redes móbiles para que o 5G estea dispoñible para todo o territorio de Galicia.

De cara ao próximo período, é o Goberno central quen conta cos novos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) no eido da banda larga, cun total de máis de 4.000 millóns de euros, dos cales transferirá ás comunidades autónomas un 9 %.

En concreto, Galicia recibirá só o 0,5 % dos 4.000 millóns de euros, un total de 19,1 millóns de euros, que só se poderán empregar para a posta en marcha de 4 medidas xa predefinidas polo Estado, sen marxe para decidir o mellor criterio para executar estes fondos atendendo ás particularidades de Galicia.

Retegal

O operador público Retegal xestiona máis de 300 centros de telecomunicacións de titularidade da Xunta de Galicia distribuídos por toda a xeografía galega, con foco no ámbito rural. Os centros máis significativos están integrados nun anel de fibra redundante de máis de 1.855 km, respaldado por unha rede de radioenlaces de alta e media capacidade integrada por 138 vans cunha lonxitude de 2.565 km.

Retegal posúe as redes de difusión de radio e televisión máis amplas de toda a Comunidade Autónoma, tanto en infraestruturas de transporte como de difusión.

Ademáis da prestación dos servizos de difusión, transporte e transmisión de sinais de radio e TV e servizos de conectividade, colocalización e transporte, Retegal explota e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestiona a Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia (Resgal) e a Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia.

Na actualidade, Retegal proporciona preto de 1.200 servizos de colocación, dos cales máis de 770 son prestados a entidades alleas á Administración autonómica (operadores de telecomunicacións, empresas de radio e TV e Administración local).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI NA CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISCINAS PÚBLICAS E UN CENTRO BTT CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,1 M €

- A intervención incluírá a adecuación da parcela e a correspondente urbanización, así como a construción das novas edificacións previstas e dos servizos complementarios
- O Consello autorizou hoxe a sinatura do acordo de cooperación polo que o Goberno galego achegará o 70 % dos custos da actuación e o Executivo local, o 30 % restante
- O proxecto enmárcase no plan Hurbe, un programa posto en marcha no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar actuacións destinadas a crear, mellorar e integrar coa contorna espazos de uso público e equipamentos urbanos

A Xunta e o Concello de Outeiro de Rei colaborarán na execución das obras de construción de dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña, cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros. O obxectivo da intervención será dotar o municipio lucense dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Outeiro de Rei que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio municipal as obras resultantes.

O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos en que se proxecta o complexo para, de seguido, acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización da contorna.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementarios, así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermaría.

Para tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións necesarias para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños propios, e un centro BTT cunha zona de taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo autorizado hoxe enmárcase nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de espazos e infraestruturas de uso público e colectivo mediante acordos en que se regulan as bases da colaboración técnica e económica entre Administración local e autonómica.

No caso de Outeiro de Rei, o compromiso de financiamento das obras para as anualidades de 2022, 2023 e 2024 ascende a 1.101.955,82 euros, dos cales o 70 % será achegado polo departamento galego e o 30 % restante polo Goberno municipal.

Ademais, a Consellería asumirá a contratación da execución e da dirección das obras, a súa xestión ata que se completen os traballos conforme o previsto, e a formalización dos actos de recepción. Pola súa banda, o Concello encargárase da redacción do proxecto en que se definan as actuacións que se van executar, e unha vez recepcionadas, da súa explotación, mantemento e conservación.

Cómpre subliñar o compromiso do Goberno galego nos últimos 12 anos por brindar o seu apoio ás entidades locais a través do plan Hurbe na promoción de actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida dos seus veciños.

Grazas a esta iniciativa, no período entre 2010 e 2021 a Xunta colaborou xa no financiamento de máis de 360 intervencións urbanísticas en decenas de concellos, cun investimento global que supera os 155 millóns de euros. Esta liña de cooperación manterase tamén en 2022, cun orzamento de 7 millóns de euros reservados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para actuacións dirixidas a habilitar ou recuperar equipamentos municipais e poñer en valor as contornas urbanas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE SECA DA DEMARCACIÓN GALICIA-COSTA PARA ORDENAR A RESPONSTA ANTE ESTES EVENTOS E GARANTIR A AUGA AOS CIDADÁNS

- O novo instrumento de planificación actualiza o documento vixente cunha maior adaptación ao escenario do cambio climático
- Os seus obxectivos son asegurar a dispoñibilidade de auga aos cidadáns e evitar o impacto negativo da seca no estado das masas de auga e nas actividades económicas
- Establece unha xestión diferenciada para as situacións de seca prolongada, relacionadas coa diminución das chuvias, e de escaseza conxuntural, relacionadas coas dificultades para atender a demanda de auga
- Atendendo aos indicadores avaliados, ademais da normalidade, o plan define distintos escenarios de escaseza: prealerta, alerta e emerxencia, que precisarán da aplicación de diferentes tipos de medidas
- Introdúcese a situación excepcional por seca extraordinaria cando nunha ou varias unidades territoriais existiren escaseza en escenarios de alerta que coincidan temporalmente con seca prolongada
- O plan implica a Augas de Galicia, Meteogalicia, Protección Civil, as empresas explotadoras de encoros e responsables de sistemas de abastecementos
- O plan, sometido a un proceso de consulta pública durante 3 meses, incorporou de forma total ou parcial o 60 % das achegas recibidas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se aproba o Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa co fin de ordenar a resposta ante estes eventos e garantir o abastecemento de auga aos cidadáns, proporcionándolles ás distintas administracións instrumentos xurídicos para facerlles fronte.

Este instrumento de planificación actualiza o documento vixente, que permitiu xestionar algúns dos episodios de seca e escaseza máis importantes acontecidos na Demarcación Galicia-Costa nos últimos anos. O novo Plan de seca 2021-2027 presenta unha profunda actualización para mellorar a súa eficacia e afrontar os retos futuros, como as consecuencias derivadas do cambio climático e a modificación dos réximes cambiantes de precipitación.

A Demarcación Galicia-Costa rexistra unha precipitación media anual de 1.500 mm, un valor moi elevado en relación co resto da Península. Porén, vén sufrindo episodios de escaseza de auga, froito da desigualdade da distribución temporal dos recursos hídricos e do contexto do cambio climático.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo Plan de seca aprobado hoxe polo Consello da Xunta ten como obxectivos principais asegurar a dispoñibilidade de auga á poboación e minorar os efectos destes episodios sobre o estado das masas de auga, así como sobre as actividades económicas.

Diagnóstico

O plan propón unha xestión diferenciada das situacións de seca prolongada e de escaseza conxuntural. Así, a seca prolongada está relacionada exclusivamente coa diminución das precipitacións e das achegas en réxime natural, mentres que a escaseza conxuntural está relacionada coa problemática para atender a demanda de auga.

Para mellorar a xestión destas situacións, empréganse indicadores de estado, que permiten identificar os diferentes escenarios e tomar as decisións necesarias en cada momento.

Así, para o diagnóstico do escenario de seca prolongada tomarase como referencia o índice de precipitación estandarizada e Augas de Galicia realizará un seguimento antes do día 15 do mes seguinte ao que correspondan os datos. O escenario de seca prolongada establecerase automaticamente cando o indicador mostre a dita situación.

En canto ao escenario de escaseza, o diagnóstico realizarase en función dos caudais rexistrados nas estacións de medición e nas entradas aos encoros. O seguimento realizarao Augas de Galicia tamén antes do día 15 do mes seguinte ao que correspondan os datos.

Diferentes escenarios ante a escaseza

En relación coa escaseza conxuntural, o plan establece distintos escenarios posibles: normalidade, prealerta, alerta e emerxencia.

En situación de normalidade non corresponde á adopción de medidas conxunturais, pero si de seguimento, instalación de novos puntos de control ou elaboracións de partes hidrolóxicos, entre outras.

O estado de prealerta identifica o inicio na diminución dos recursos dispoñibles que pode supoñer un risco para a atención das demandas. Neste contexto poderanse aplicar medidas de aforro e control da demanda, tales como a intensificación do seguimento e a activación de campañas de concienciación. Ademais, actívase o control das demandas reais dos grandes consumidores e medidas de xestión da oferta, como a reutilización de augas residuais para usos urbanos ou a aplicación dun réxime de caudais ecolóxicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

menos exigentes. Tamén se proxecta a preservación dos ecosistemas, intensificando o control de verteduras e do estado das masas de auga.

O estado de alerta identifícase cunha intensificación na diminución dos recursos dispoñibles que evidencia un claro risco de imposibilidade de atender as demandas. Neste escenario, reduciranse as dotacións para o abastecemento en alta e poderanse suspender cautelarmente as concesións de novos usos privativos, limitar determinados usos recreativos e reducir as presións nocturnas, entre outros. En relación coa oferta, propónse impoñer a substitución de parte de caudais concesionais por outros de distinta orixe ou utilizar medios excepcionais como cisternas. En relación coa preservación dos ecosistemas, engádese a valoración de posibilidade de evacuación de ictiofauna ante risco de mortalidade.

O estado de emerxencia correspóndese co máximo grao de afección por diminución dos recursos dispoñibles. As medidas neste caso poden incorporar a modificación e, mesmo, a suspensión temporal de autorizacións de vertedura, a prohibición de usos, a redución de volume para abastecemento urbano e industrial do 25 %, cortes temporais, adaptación da saída dos encoros ou o aumento da vixilancia sobre o estado das masas.

Por último, e como novidade con respecto ao anterior plan, o documento aprobado hoxe prevé a situación excepcional por seca extraordinaria, que poderá ocorrer cando nunha ou varias unidades territoriais se rexistre escaseza en escenarios de alerta que coincidan temporalmente co de seca prolongada ou escaseza en escenarios de emerxencia.

Participación e coordinación

Este plan é froito dun proceso de consulta pública durante 3 meses, en que Augas de Galicia recibiu as achegas correspondentes. Así, o 60 % das observacións foron total ou parcialmente incorporadas na elaboración do documento definitivo.

Cómpre lembrar que aínda que a elaboración e seguimento do protocolo é responsabilidade de Augas de Galicia, a súa posta en práctica require a intervención e coordinación de Meteogalicia, Protección Civil, os responsables da explotación dos encoros de Galicia-Costa e das administracións responsables dos sistemas de abastecemento.

Neste sentido, é moi importante que o proceso de planificación fronte ás secas se complemente e se coordine cos plans de carácter municipal, que son a principal Administración que xestiona os sistemas de abastecemento. Grazas ás axudas da Xunta dos últimos 3 anos, hai máis de 100 concellos que dispoñen xa dun destes plans. Cómpre

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que os demais municipios tamén se preparen ante estes eventos, sobre todo os de máis de 20.000 habitantes, nos cales é obrigatorio ter un plan de emerxencia fronte á seca.

Estes plans municipais establecen os indicadores axeitados para cada concello, identificando cando se está nunha situación de risco e hai que activar as medidas previstas. Nestes documentos tamén hai que recoller as accións concretas que se adoptarán en cada situación e en cada concello, adecuadas ás particularidades dos sistemas de abastecemento, como captacións ou fontes alternativas de abastecemento, redución de baldeos de rúas ou de rega de xardíns.

O plan súmase a outros instrumentos fundamentais da planificación hidrolóxica para os vindeiros 6 anos na demarcación Galicia-Costa, como o caso do Plan hidrolóxico ata 2027 ou o Plan de xestión do risco de inundación, que se aprobaron nas últimas semanas no Consello da Xunta.

O Goberno galego vén facendo un singular esforzo normativo nos últimos anos para mellorar o uso, a xestión e a calidade da auga, incluíndo a aprobación dunha norma pioneira, a Lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca en situacións de risco sanitario. Actualmente atópase en tramitación parlamentaria o proxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN DA PONTE NOVA DE SOBRADELO EN CARBALLEDA DE VALDEORRAS POR MÁIS DE 316.000 EUROS

- O Consello da Xunta aproba un convenio co concello ourensán para acondicionar este ben do patrimonio galego que dá entrada ao núcleo da vila sobre o río Sil
- Entre outras actuacións, limpanse os paramentos, substituirase o pavimento mellorando o acceso peonil e porase en valor cun novo sistema de iluminación exterior
- A súa configuración actual ten arredor de 350 anos, ten unha lonxitude de 100 metros e unha anchura de calzada de algo menos de 5 metros

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Carballeda de Valdeorras para a conservación e recuperación da Ponte Nova de Sobrado, infraestrutura que formaba parte do antigo Camiño Real do Bierzo a Galicia e protexida polo seu valor cultural. O Goberno autonómico sufragará o 100 % do investimento para estas actuacións por máis de 316.000 euros.

As obras de conservación e recuperación da ponte consistirán na limpeza dos paramentos (elementos vexetais, depósitos...), así como na restauración das fábricas en áreas puntuais (selaxe de ocós existentes nalgúns zonas e xuntas). Así mesmo, substituirase o pavimento de aglomerado asfáltico no encontro cos beirís por outro de lastra de pedra que tamén permitirá separar o tráfico rodado do de peóns. Por outra parte, coa intención de dignificar a Ponte Nova de Sobrado colocarase nova iluminación exterior, tanto nos paramentos exteriores, como nos arcos e na calzada superior, eliminando a instalación actual obsoleta.

Por todo o territorio

Con estas actuacións, a Xunta dá resposta ao seu compromiso por contribuír á posta en valor do patrimonio galego do rural. A Ponte Nova de Sobrado pertence ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. A súa configuración actual ten arredor de 350 anos tras unha remodelación realizada sobre unha ponte anterior do século XIX, aínda que se ten constancia de que a súa construción inicial foi a mediados do século XVII.

Dá entrada ao núcleo da vila, que está atravesado polo río Sil e unha lonxitude de 100 metros e unha anchura de calzada de algo menos de 5 metros de pavimento asfáltico. Está realizada en pedra e consta de sete arcos e seis pías que o sosteñen.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 300.000 EUROS PARA COMPLETAR A REHABILITACIÓN DA CASA REITORAL DE PETELOS DE MOS

- O Consello da Xunta aproba esta colaboración que permitirá dar continuidade ás actuacións xa iniciadas neste BIC para dotalo de novos usos
- Incluirase a posta en funcionamento de dúas naves situadas ao leste e oeste da zona xa rehabilitada sumando aproximadamente 225m²

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Mos, que permitirá completar a rehabilitación da antiga Casa Reitoral de Petelos, un dos edificios máis salientables deste concello e un dos máis de 700 bens de interese cultural galegos. Ao abeiro desta colaboración, o Goberno autonómico achegará 300.000 euros, o 100 % do investimento, para as novas actuacións previstas polo Concello de Mos para esta edificación onde se acometerá unha rehabilitación parcial dotándoa de novos usos.

As actuacións previstas enmárcanse no traballo do Goberno galego por velar pola conservación e rehabilitación do patrimonio galego, para o que a Xunta incrementa este ano un 23 % o seu orzamento.

Así, xa finalizadas as obras na torre medieval e a edificación anexa, vaise seguir agora coa posta en funcionamento de dúas naves situadas ao leste e ao oeste, nos extremos das zonas onde xa se actuou e darase continuidade ao programa de necesidades que se pretende para o conxunto, sumando aproximadamente 225 m².

Esta intervención incluiría a solución da cuberta, que implicará o desmonte de parte da xa rehabilitada e crear un novo encontro coa nave e a ala que se vai rehabilitar. Entre outras accións, consolidaranse e completaranse os muros existentes, crearase a estrutura intermedia, así como a da cuberta, e rematarase totalmente a envolvente.

Deste xeito, a Xunta dota de novos usos este edificio emblemático. O proxecto de rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos foi froito dun convenio entre a Diocese de Tui-Vigo, propietaria do edificio e dos terreos circundantes e o Concello de Mos, para dotarse de novos usos. Con base nese convenio leváronse a cabo as obras de rehabilitación parcial do conxunto das edificacións, obras realizadas en dúas fases, pero faltaba a rehabilitación total, que se conseguirá con estas novas actuacións.

Do século XV

A antiga Casa Reitoral de Petelos é un dos edificios de máis valía patrimonial do concello de Mos. Datada do século XV e de estilo gótico, é un ben cultural catalogado

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polo Plan xeral de ordenación municipal. Por conservar restos dunha antiga torre fortificada, é un ben propio da arquitectura defensiva coa consideración de BIC.

De planta rectangular, o edificio principal amosa acaroadada unha torre de tres alturas. Tamén presenta un balcón voado no andar máis elevado e orientado ao sur. A fachada do edificio está enmarcada entre pilastras de orde dórica que ocupan os ángulos da edificación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 103 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN PLURIANUAL DE XESTIÓN 2022-2025 DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

- O plan consta de catro eixes: o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, o procesamento e almacenaxe de mostras de células, tecidos de máxima calidade e a coordinación co resto das comunidades autónomas nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos
- Neste contrato establécense os compromisos que ten que cumprir a Axencia no ámbito da actividade

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o Plan plurianual de xestión da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) para o período 2022-2025, no cal o Executivo galego ten previsto investir 103.143.700 euros, en catro anualidades.

O plan establece os compromisos que ten que cumprir ADOS no ámbito de actividade e formalízase de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os obxectivos estratéxicos recollidos no plan son catro. Por un lado, garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados, segundo os estándares de calidade vixentes; e, ademais, coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos. Son tamén obxectivos estratéxicos asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos, así como coordinar as actuacións en Galicia nos ámbitos da doazón, a transfusión, o transplante de órganos e tecidos coas comunidades autónomas españolas, co Goberno de España e cos organismos internacionais.

O Plan de ADOS, organismo dependente da Consellería de Sanidade, prevé resultados agardados e indicadores para realizar a medición do grao de execución dos obxectivos estratéxicos e dos obxectivos operativos, así como plans de actuación, proxectos e accións de tipo operativo que poden ser útiles para conseguir un sistema de información que permita desenvolver labores de seguimento e medición anuais do cumprimento destes obxectivos e actuacións programadas por ADOS.

Hai que subliñar que os órganos, os tecidos, as células e o sangue proceden de doazóns voluntarias e altruístas que salvan vidas ou axudan a mellorar a calidade de vida de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

moitos doentes. Co fin de acadar os maiores niveis de seguridade e calidade tanto para os doadores como para os beneficiarios dos servizos, a Axencia ten a acreditación de calidade ISO 9001:2015, conta coa certificación da Fundación CAT tanto para a actividade de transfusión sanguínea como para a de sangue de cordón umbilical, ademais da acreditación para a proba de histocompatibilidade segundo os estándares da European Federation for Immunogenetics (EFI).

Co fin de definir os requirimentos básicos dun sistema de información corporativo, que cubra as necesidades de automatización de procesos en ADOS e nos servizos de transfusión dos centros hospitalarios do Sergas, redactouse o documento denominado Proxecto Blood, froito da achega e consenso de todos os membros do comité encargado da súa elaboración.

Seguindo as recomendacións do documento Proxecto Blood xa se implantou tanto na Axencia coma nos hospitais públicos de Galicia o programa informático e-Delphyn para xestionar a hemodoazón e as reservas de sangue. Preténdese implantar progresivamente nos hospitais de titularidade privada da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a promoción e a concienciación da doazón é compartida por todos, polo que as sinerxías e as colaboracións neste eido axudarán a definir campañas de difusión máis áxiles e cunha mensaxe máis coherente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 20 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE 26 NOVOS EQUIPAMENTOS DE TOMOGRAFÍA COMPUTERIZADA E TRES PET

- Xunta cumpre co obxectivo fixado de que todas as áreas sanitarias contén con TAC de tecnoloxía espectral e tamén renova os TAC dos sete hospitais comarcais de Galicia
- Os tres novos equipamentos PET-TC destinaranse a renovar o existente no Hospital Meixoeiro de Vigo e a dotar por primeira vez desta tecnoloxía a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (Hospital Universitario de Ourense); e a de Lugo, A Mariña e Monforte (Hospital Universitario Lucus Augusti)

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe, na rolda de prensa do Consello, un investimento de máis de 20 millóns de euros na adquisición de 26 novos equipamentos de tomografía computerizada (TAC) e de tres equipamentos PET-TC.

No tocante á autorización da adquisición de 26 novos equipamentos de tomografía computerizada (TAC), que terán como destino o conxunto dos hospitais da rede sanitaria pública galega, cómpre salientar que o importe total desta compra ascende a un total de 16.121.385 de euros.

Sobre este punto, Rueda salientou que estes equipamentos de alta tecnoloxía instalaranse, dun xeito progresivo, entre o presente ano e o vindeiro: 6 serán para os centros hospitalarios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 5 para os da Área Sanitaria da Coruña e Cee; outros 5 para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 4 para a Área de Pontevedra e O Salnés; 1 para a Área Sanitaria de Santiago e Barbanza e 5 para a Área de Vigo.

“Con esta nova compra todas as áreas terán este tipo de tecnoloxía, teranse renovados os TAC dos sete hospitais comarcais de Galicia e o Servicio Galego de Saúde contará cun total de 34 novos equipamentos de tomografía computerizada”, dixo, a modo de resumo.

O Goberno galego continúa coa súa aposta de reforzar o equipamento dos centros sanitarios, na procura de acadar unha optimización dos servizos asistenciais da comunidade, e así garantir unha axeitada cobertura sanitaria ao conxunto da poboación galega.

Do total de TAC adquiridos, 7 - un por cada área sanitaria-, contarán con tecnoloxía espectral, o que permitirá ofrecer diagnósticos con maior confianza e cunha redución da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dose do 50 % sen perder calidade de imaxe. Esta tecnoloxía achega información sobre a caracterización tisular, a mellora do contraste entre os tecidos e a resolución, de forma que permite a detección de lesións máis pequenas, de grande importancia no seguimento oncolóxico e no diagnóstico de patoloxía cardíaca.

O orzamento aprobado esta mañá engádese aos 5,3 millóns de euros que no pasado mes de abril aprobou o Executivo galego, para adquirir 8 equipamentos de tomografía computerizada, con destino aos hospitais das áreas sanitarias de Santiago de Compostela-Barbanza e de Ferrol.

Equipamento Plan INVEAT

Este ano os orzamentos da Xunta incorporan 60,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe en toda Galicia. Esta suma é resultado da proposta que presentou a Xunta ao Plan INVEAT, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos NextGeneration cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema Nacional de Saúde. Galicia recibiu un 7,7 % dos fondos que se reparten neste plan.

Con todo, a Xunta de Galicia decidiu complementar estes fondos europeos distribuídos polo Goberno central con fondos do orzamento autonómico para poder adquirir equipamentos dunha gama de calidade máis alta.

En total, e co fin de adquirir equipamentos de tecnoloxía espectral para as sete áreas sanitarias a Xunta complementou con 5 millóns de euros de fondos autonómicos a achega de fondos NextGeneration distribuídos polo Goberno de España.

Neste senso, o actual expediente conta cun investimento total de 16,1 millóns de euros, dos que 12,4 euros son financiados mediante os fondos NextGeneration, mentres que os 3,7 euros restantes corresponden a fondos autonómicos con que a Xunta complementa a achega estatal.

Así mesmo, no que atinxe ao expediente do pasado mes de abril, a Xunta complementou con 1,5 millóns de euros o investimento de 5,3 millóns, para o equipamento das áreas sanitarias de Pontevedra-Salnés e Ferrol.

Equipamentos PET para Lugo, Ourense e para o Hospital do Meixoeiro, en Vigo

O Consello da Xunta aprobou tamén un acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de tres equipamentos PET-TC para hospitais do Sergas, por un importe de 5.549.277 euros. Os tres novos equipamentos destinaranse a renovar o existente no Hospital Meixoeiro de Vigo e a dotar por primeira vez desta tecnoloxía a Área Sanitaria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (Hospital Universitario de Ourense); e a de Lugo, A Mariña e Monforte (Hospital Universitario Lucus Augusti).

A contratación destes equipamentos permite manter as prestacións asistenciais actuais, garante a continuidade dos procesos e protocolos establecidos, e aumenta o alcance e dispoñibilidade da técnica co uso de equipamentos de maior precisión e resolución, con software máis avanzados, que acadan unha maior sensibilidade e precisión no diagnóstico de procesos oncolóxicos, que é o campo principal da tecnoloxía PET.

Xunto ao anterior, esta contratación posibilita incorporar novas técnicas diagnósticas á carteira de servizos que satisfagan a práctica totalidade da demanda asistencial destas tres áreas sanitarias que, coa incorporación en paralelo de novos radiofármacos emisores de positrons, permitan diagnósticos funcionais/metabólicos máis precisos no campo da oncoloxía, a neuroloxía e a cardiloxía.

Actualmente, o Sistema Sanitario Público Galego conta con tres equipamentos PET, o do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, instalado en 2008 no Hospital do Meixoeiro e que será obxecto de renovación con este contrato, e os instalados no ano 2017 no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e no Centro Oncolóxico de Galicia, na Coruña.

“A contratación que hoxe autorizamos é importante, tanto polo avance que supón no diagnóstico de enfermidades como o cancro, como polo feito de que evitará o desprazamentos de centos de pacientes, que poderán recibir atención preto dos seus domicilios sen ter que ir ata Santiago, A Coruña ou Vigo”, explicou o presidente da Xunta.

A compra destes aparellos deriva do acordo marco, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidade, financiado pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia NextGenerationEU. Plan de Investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do Sistema Nacional de Saúde.

Esta iniciativa enmárcase no Plan INVEAT, cuxo obxectivo principal é incrementar a supervivencia global e a calidade de vida das persoas mediante o diagnóstico de enfermidades en estadios temperáns, posibilitando a intervención terapéutica rápida, con especial atención ás patoloxías de maior impacto sanitario, presente e futuro do Sistema Nacional de Saúde, como son as enfermidades crónicas, as oncolóxicas, e as raras e as neurolóxicas. Todo iso, consolidando a equidade no acceso á alta tecnoloxía e mellorando a calidade asistencial e a seguridade de pacientes e profesionais.

Investimentos en obras de adaptación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A chegada destes equipamentos requirirá de obras para a súa instalación nos servizos de medicina nuclear dos hospitais de Lugo e Ourense. Así, licitouse, por 3,1 millóns de euros, a obra para unha nova localización do servizo de medicina nuclear no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, mentres que está a piques de saír a licitación do contrato da obra de implantación do PET na Área de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti, por máis dun millón de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia vai destinar máis de catro millóns de euros en obras nos hospitais de Lugo e Ourense, co fin de que poidan incorporar esta nova tecnoloxía para tratar os pacientes das súas respectivas áreas sanitarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA O ACORDO DE COLABORACIÓN PARA O MANTENIMENTO DO CENTRO DE ACOLLEMENTO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY DA CORUÑA

Nestas instalacións o Goberno galego ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais para nenas e nenos de ata 12 anos.

O Consello da Xunta aprobou a continuidade do acordo de colaboración coa Deputación da Coruña para o mantemento do centro de acollemento Fogar Infantil Emilio Romay, destinado á protección de menores. Unha colaboración que se leva realizando durante as últimas tres décadas e que se prorrogará no segundo semestre de 2022.

Nestas instalacións a Xunta ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais para nenas e nenos de ata 12 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DUN NOVO CONVENIO PARA A XESTIÓN DO CENTRO CONCEPCIÓN ARENAL DA CORUÑA

O acordo ten un orzamento de máis de 5 millóns de euros para a atención residencial e unha intervención educativa integral

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria dun novo convenio de colaboración para a xestión do centro Concepción Arenal da Coruña, onde se presta atención residencial a menores que teñen medidas xudiciais privativas de liberdade.

O Goberno galego publicará este novo convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para que as entidades interesadas participen na licitación deste procedemento que se realizará por concorrencia competitiva. O acordo ten un orzamento de máis de 5 millóns de euros para seleccionar unha entidade social que garanta unha atención residencial e unha intervención educativa integral.

Ata o de agora era a Fundación Camiña Social, unha entidade de referencia na atención a menores con medidas xudiciais na provincia da Coruña, a encargada da xestión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLADIGA 2022, QUE MANTÉN O ESFORZO HUMANO E MATERIAL FRONTE AO LUME E INCORPORA MELLORAS ORGANIZATIVAS E TECNOLÓXICAS NO DISPOSITIVO

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe á actualización desta planificación, que ten como principal obxectivo reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais
- Entre as novidades deste ano destacan as melloras na organización e coordinación do dispositivo, a ampliación da Rede de videovixilancia forestal, avances tecnolóxicos e novas funcionalidades na loita contra o lume, o impulso á Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) ou a actualización das parroquias de alta actividade incendiaria
- En materia de formación, por primeira vez prográmanse encontros cos veciños das parroquias de alta actividade incendiaria para procurar unha maior sensibilización e concienciación en relación cos danos que causa o lume e para avaliar como actuar ante el
- Os medios humanos e materiais mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas, cun operativo de máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións
- Renóvanse 13 motobombas do Servizo, que integrarán un despregamento conxunto de preto de 380 destes vehículos e mobilizaranse ata 30 medios aéreos, achegados tanto pola Xunta como polo Estado

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2022), unha vez oído o Consello Forestal, que avaliou este documento na súa xuntanza do pasado martes, día 31 de maio.

O principal obxectivo do Pladiga é o de reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais. Nesta liña, o documento incorpora catro ámbitos diferentes de planificación: prevención; detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; extinción e formación.

O Pladiga 2022, que está vixente ata que se aprrobe unha nova actualización, presenta unha serie de novidades, entre as que destacan as melloras organizativas do dispositivo, a ampliación da rede de vixilancia fixa, avances tecnolóxicos e novas funcionalidades na loita contra o lume, o impulso á Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) ou a actualización das parroquias de alta actividade incendiaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación co primeiro aspecto, vinculado coa mellora da organización, créase o Sistema estrutural de mando operativo, co fin de mellorar a seguridade e a eficacia das operacións en incendios de complexidade avanzada. O que se fai con este sistema é liberar de tarefas secundarias o director técnico de extinción de cada lume, reforzando o seu papel na coordinación do dispositivo. Ademais, establécese a sectorización, en caso necesario, dos incendios, para xestionar con maior eficacia os medios despregados e os labores de extinción.

Seis cámaras máis de vixilancia

Outra novidade do Pladiga 2022 ten que ver coa vixilancia fixa. Así, dentro desta rede incrementanse en seis as cámaras dispoñibles, en tres novas localizacións, co que se acada a cifra de 148 unidades en 74 localizacións. Estas cámaras contan cunha tecnoloxía de última xeración, especialmente deseñada para exteriores e vixilancia forestal, con zoom remoto, movemento horizontal e vertical, rotación nos 360° automática e baixo demanda, visión panorámica e altas capacidades de gravación.

No eido tecnolóxico, introdúcense novas funcionalidades canto á reconstrución do lume, aproveitando as máis de 4.000 emisoras con que conta o Servizo. Ademais, pódense xerar perímetros automáticos relativos á superficie afectada, o que permitirá predicir o potencial do lume e tomar decisións á hora de focalizar os medios nos puntos e momentos clave.

Aplicación formativa

Neste ámbito destaca tamén a creación dunha nova aplicación de formación, que prové un repositorio multimedia unificado cos cursos impartidos ao persoal do dispositivo de incendios, material didáctico de consulta asociado, circulares e comunicacións de interese. Ofrece acceso por categorías e perfís profesionais, co fin de garantir unha accesibilidade personalizada en función das necesidades de cada posto de traballo. Outra mellora introducida no Pladiga 2022 ten que ver coa modernización dos centros de coordinación, tanto do central, situado en Santiago, como do provincial de Ourense.

Con respecto á investigación dos lumes, neste documento faise por primeira vez balance da actuación da Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), que desde a súa creación -o ano pasado- realizou xa un total de 242 dilixencias de diverso tipo, entre elas varias relacionadas coa posta á disposición xudicial de presuntos incendiarios. Pola súa distribución xeográfica, o maior número de dilixencias da UIFO levouse a cabo no distrito XIV Verín-Viana, seguido dos distritos XII Miño-Arnoia e IV Barbanza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Parroquias de alta actividade incendiaria

En relación coas parroquias de alta actividade incendiaria, o Pladiga 2022 identifica un total de 35, cifra idéntica á do ano pasado, pero co matiz de que 31 delas repiten respecto á anterior campaña. Así, catro destas parroquias saen da listaxe. Trátase das de Ribasieira, (Porto do Son), Covas (San Cristovo de Cea), Soutipedre (Manzaneda) e A Ponte (A Veiga). Outras catro parroquias entran na listaxe. Son as de Meiraos (Folgozo do Courel), A Gudiña (A Gudiña), O Pereiro (A Mezquita) e Calvos (Calvos de Randín).

En canto aos medios humanos e materiais mobilizados, estes mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas. Así, o operativo estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións. Cabe destacar, en relación co parque de maquinaria, a renovación de 13 motobombas do servizo, que integrarán un despregamento conxunto de preto de 380 destes vehículos. Ademais, mobilizaranse ata 30 medios aéreos, achegado tanto pola Xunta como polo Estado, unha cantidade semellante á da anterior tempada de alto risco.

No apartado da formación, hai que salientar como novidade a programación dunha serie de encontros en parroquias de alta actividade incendiaria, en que se calcula que poderán participar ata mil persoas. Está previsto iniciar esta actuación antes da época de alto risco, durante o mes de xuño, co fin de concienciar e sensibilizar a poboación destas parroquias sobre os danos que ocasionan os incendios e os riscos que representan para as persoas e para os bens, tanto forestais como non forestais, e como deben actuar ante un lume. Polo demais, segue vixente o plan de formación aprobado no 2021 para o período 2021-2024. Consonte esta planificación, neste ano estanse a impartir un total de 29 cursos, especialmente dirixidos ao persoal do servizo, pero tamén á poboación en xeral.

Con respecto ao plan preventivo, a Xunta destina este ano un total de 33,1 millóns de euros a esta planificación, o que supón incrementar a súa dotación preto dun 13 % respecto do exercicio anterior. En total, con eses fondos está previsto actuar en máis de 58.600 hectáreas de terreo e en 5.780 quilómetros de pistas forestais e outras vías. Deste xeito increméntanse lixeiramente as previsións canto á superficie de intervención, ao tempo que medra preto dun 16 % a cifra de quilómetros. Ademais, neste plan tamén se establece como horizonte a construción de 111 novos puntos de auga e a mellora dos 4.750 existentes. Isto suporá actuar nun total de 4.861 puntos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 5 M € PARA CHEGAR ATA OS 25 MILLÓNS EN PRÉSTAMOS DE CAPITAL CIRCULANTE ÁS EXPLOTACIÓNS DE GANDO BOVINO E PAGARÁ OS TIPOS DE XURO

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a orde que publicará proximamente o *Diario Oficial de Galicia*, dando forma a unha das medidas anunciadas tras a invasión rusa de Ucraína para paliar as consecuencias da alza de prezos que sucedeu á situación derivada da COVID-19
- Prevese acadar préstamos de ata 30.000 euros por explotación para que poidan sufragar o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamentos ou provedores
- A Consellería do Medio Rural subsidiará os tipos de xuros dos empréstitos a tres anos sen carencia, cun límite máximo de dous puntos porcentuais
- Cómpre engadir que en breve tamén se publicarán no DOG as axudas que permitirán adiantar aos agricultores e gandeiros uns 200 millóns de euros das achegas da PAC, subvencionando os xuros cun custo para a Xunta de 3,4 millóns

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a orde que publicará proximamente o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para regular o procedemento de recoñecemento do dereito a préstamos de financiamento de capital circulante a explotacións de gando bovino, con subsidiación dos tipos de xuro por parte da Consellería do Medio Rural. Garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), estes préstamos contarán cun apoio por parte do Goberno galego de 5 millóns de euros, para chegar ata os 25 millóns en empréstitos concedidos, cun máximo de 30.000 euros por explotación.

Cómpre lembrar que se trata dunha das medidas anunciadas para paliar as consecuencias da alza de prezos derivada da invasión rusa de Ucraína. Nesa liña, o prioritario para a Xunta é facer posible que os produtores bovinos dispoñan de capital circulante suficiente para manter a viabilidade das súas explotacións, tendo en conta que á situación derivada da COVID-19 se lle sumou a alza dos prezos das materias primas.

Así, os préstamos destinaranse ao financiamento de activo corrente, como o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamentos, *leasing*, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións ou cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento. A Consellería do Medio Rural subsidiará os tipos de xuros do préstamo, cun límite máximo de dous puntos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

porcentuais, e sen que en ningún caso o tipo de xuro resultante do préstamo poida ser menor do 0 %. Os xuros serán de tipo variable con revisión anual.

Esta axuda de subsidiación dos tipos de xuro vai ligada a empréstitos a tres anos sen carencia, que poderán acadar un máximo de 1.000 euros por vaca adulta maior de 24 meses para explotacións de vacún de leite e de 300 euros por cabeza para explotacións de vacún de carne, ata un máximo de 30.000 euros por explotación.

Na liña de seguir proporcionando liquidez ao sector, cómpre engadir que en breve tamén se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as axudas que permitirán adiantar aos agricultores e gandeiros uns 200 millóns de euros das achegas da política agraria común (PAC), subvencionando os xuros cun custo para a Xunta de 3,4 millóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE GALICIA XESTIONARÁ OS 111 M€ DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA CO OBXECTIVO DE IDENTIFICAR PROXECTOS QUE XEREN OPORTUNIDADES ENTRE AS PEMES

- Esta iniciativa busca a transformación do tecido empresarial e xerar un impacto económico e social positivo nos lugares identificados como zonas de transición xusta, que no caso de Galicia se corresponde coa provincia da Coruña polo peche das centrais de Meirama e das Pontes
- As pequenas e medianas empresas son as principais destinatarias, xa que a previsión é mobilizar máis de 400 M€ a través de grandes proxectos que faciliten un plan de desenvolvemento territorial sustentable e que garantan o mantemento do emprego nestes territorios
- Habilítase unha manifestación de interese para o tecido empresarial que é un requisito do Goberno central para acceder a este fondo, quedando excluídas da repartición aquelas grandes empresas que agora non presenten a súa solicitude

O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, avanzou que o Consello da Xunta avaliou hoxe o denominado Fondo de Transición Xusta, unha partida que dota Galicia de 111 millóns de euros na procura de identificar e impulsar proxectos tractors que permitan a transformación do tecido empresarial galego e nos cales colaboren, de modo principal, pequenas e medianas empresas da Comunidade.

O fondo, que xestionará a Administración autonómica, facilitará, así, a xeración dun impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición enerxética, que no caso de Galicia se corresponde coa provincia da Coruña, polo peche das centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e aos traballadores afectados. "A poboación está pedindo certezas, polo que son necesarios apoios concretos e, sobre todo, impulsar novos proxectos empresariais", aseverou Rueda.

As pemes son as principais destinatarias desta partida e o obxectivo principal é, segundo dixo o presidente da Xunta, "impulsar proxectos tractors que permitan a transformación do tecido empresarial galego nestas zonas, que xeren novas oportunidades nas pemes, e que faciliten un plan de desenvolvemento territorial sostible e de futuro".

Para isto, habilítase unha manifestación de interese para o tecido empresarial, ao ser este un requisito do Goberno central para o uso do fondo, e quedan excluídas da repartición aquelas grandes empresas que agora non se presenten a esta convocatoria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo de presentación de iniciativas permanecerá aberto desde este sábado, 4 de xuño, tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* mañá venres, e ata o vindeiro día 23.

As grandes empresas interesadas deberán achegar información sobre a propia entidade e o proxecto proposto, así como a súa localización no territorio elixible. Pola súa banda, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape e o Inega, e en cooperación co Goberno central, estudará as manifestacións de interese recibidas, avaliando a súa viabilidade e compatibilidade coa normativa de axudas de Estado e co Regulamento do Fondo de Transición Xusta.

Investimentos apoiados

Os proxectos abranguerán investimentos en activos materiais e inmateriais –creación dun novo establecemento, diversificación da actividade ou da produción, ou transformación do proceso de produción global-; adquisición de activos pertencentes a un establecemento que pechase sempre que a nova actividade non sexa idéntica ou similar á realizada-, e investimentos centrados en medidas de eficiencia enerxética, fontes renovables, infraestruturas enerxéticas ou reciclado de residuos.

En canto á contía dos apoios, vén delimitada pola normativa europea de axudas do Estado, de plena aplicación. Así, nas axudas de finalidade rexional, a intensidade máxima será do 15 %, mentres que nas destinadas á protección do ambiente oscilarán entre o 30 % e o 45 %.

Deste xeito, o Goberno galego reforza a súa aposta pola transformación ecolóxica da industria, a economía circular e a eficiencia enerxética, ao tempo que impulsa o traballo das pemes galegas a través de proxectos empresariais tractores para a diversificación económica do territorio. Estas iniciativas fomentarán tamén a investigación, a innovación e a transformación dixital.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA